



BOLETÍN abril



tod@nem@ merece unha familia... en días

últimas novas

Irmáns en acollida separados: "É romper un vínculo que pode ser o seu único sostén emocional"

En España, case 52.000 nenos, nenas e adolescentes crecen no sistema de protección. O 49% faíno en centros residenciais e o 51% en acollemento familiar.

[Mascuidados.com](https://www.mascuidados.com)

Galicia aumenta ás axudas a familias de acollida a parrir do 1 de maio

A subida, de hasta 75 euros mensuais, busca garantir una contorna estable aos nenos, nenas e adolescentes.

[EuropaPress](https://www.europapress.es)

A Xunta aumenta as axudas ás familias acolledoras para seguir fomentando este programa

Galicia é a segunda comunidade coa ratio de acollemento familiar máis alta no sistema de protección.

[cadenaser](https://www.cadenaser.es)

Charla aberta sobre o acollemento familiar e a protección da infancia

O concello de Oleiros, dende o Programa de Familias Inquietas, organiza coa colaboración da asociación ACOUGO unha charla aberta o xoves 8 de maio ás 18:30h no auditorio das Torres de Santa Cruz.

O título da charla é "O acollemento familiar: unha oportunidade para a chavalada no sistema de protección"

[LaVozdeGalicia](https://www.lavozdegalicia.es)



máis novas

Resolución de 8 de abril de 2025, de la Secretaría de Estado de Derechos Sociales, por la que se aprueba la convocatoria de manifestación de interés de comunidades autónomas para la selección de operaciones en el marco del Programa de Inclusión Social, Garantía Infantil y Lucha contra la Pobreza, cofinanciado con el Fondo Social Europeo Plus (FSE+).

Nº de Disposición: BOE-A-2025-8362 | Boletín Oficial: 100 | Fecha Disposición: 2025-04-08 | Fecha Publicación: 2025-04-25 | Órgano Emisor: Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030



derecho.com [boe]

O noso traballo

Xuntanzas en familia

Este mes celebramos dúas xuntanzas nas oficinas de ACOUGO, unha en Santiago e outra na Coruña, como facemos cada mes. Grazas ao apoio da Deputación da Coruña e da Consellería de Política Social e Igualdade, podemos seguir creando espazos de encontro para compartir, escoitar e dar resposta ás necesidades das familias acolledoras e interesadas no acollemento familiar. Seguimos convidándovos a participar!



Charlas Café

Este mes celebramos un encontro en Mondoñedo, un espazo de confianza, acompañamento e coidado mutuo onde falamos das inquedanzas das familias, compartimos experiencias e ofrecimos información actualizada sobre os nosos programas. Agradecemos a participación e lembrámosvos que estades convidados a seguir formando parte destas xuntanzas. Animámosvos tamén a facer de ponte cos vosos concellos para que poidamos levar estes momentos de encontro e conversación sobre o acollemento familiar a máis lugares.



XUNTA
DE GALICIA

fronte aos abusos

O 7 de abril de 2025, a Cidade da Cultura de Santiago acolleu o IV Foro “Xuntos fronte aos abusos”, organizado pola Xunta de Galicia para Previr e detectar o abuso sexual infantil. A xornada congregou a máis de 170 profesionais (educadores, xuristas, sanitarios, psicoloxía, terceiro sector...) e converteuse no foro de referencia a nivel estatal neste ámbito.

A apertura estivo a cargo de Jacobo Rey, director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, quen destacou a relevancia de situar Galicia no epicentro da investigación e prevención do maltrato infantil.

A programación incluíu nove relatorios de recoñecido prestixio, que abordaron desde o impacto neuropsicolóxico do abuso até a aplicación do modelo Barnahus e a xustiza adaptada á infancia.

A presenza de Acougo foi clave. A nosa entidade achegou unha perspectiva práctica centrada na detección precoz e no acompañamento das crianzas e familias no sistema de protección. Participamos activamente nas sesións, propoñendo ferramentas de intervención baseadas na experiencia directa, poñendo en valor a sinerxía entre administracións, entidades do terceiro sector e profesionais para ofrecer respostas integradas e centradas no dereito das crianzas a un fogar libre de violencia.

O rol de organizacións como Acougo nestas xornadas é fundamental porque:

- Conectamos a investigación e a teoría coa realidade das familias e menores.
- Facilitamos o diálogo entre os distintos axentes implicados, reforzando a coordinación interinstitucional.
- Potenciamos a formación continua dos profesionais, colmatando as carencias existentes nos recursos públicos e privados.





DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN

Acougo e a asociación Agarimo

A actividade, desenvolvida nun ambiente de aprendizaxe colaborativo e reflexión compartida, permitiu afondar na comprensión do acollemento familiar e nas realidades emocionais que viven os nenos, nenas e adolescentes dentro do sistema.

Durante a formación abordáronse cuestións fundamentais como os efectos da adversidade temperá, a importancia do apego seguro, e o papel das familias acolledoras como espazos de reparación. A mirada complementaria das dúas entidades organizadoras permitiu construír unha visión enriquecedora e integradora, combinando a experiencia práctica de Agarimo co traballo en rede e sensibilización social que caracteriza a Acougo.

A participación activa das persoas asistentes —entre elas profesionais do sector, persoas voluntarias e familias acolledoras— favoreceu un espazo de diálogo real e comprometido, onde se puxeron sobre a mesa os retos e fortalezas do acollemento. Este tipo de formacións son esenciais para seguir avanzando cara a un modelo de protección máis humano, centrado na escoita, o coidado e os vínculos afectivos.

Desde Acougo agradecemos profundamente a colaboración con Agarimo e agardamos seguir impulsando xuntas iniciativas que fortalezcan a rede de apoio ás familias e crianzas en situación de vulnerabilidade. Porque só desde a formación, o compromiso e a comunidade é posible construír unha sociedade máis acolledora.

O noso traballo

Os bolechas e Acougo día do libro 23 de abril

Dende Acougo queremos destacar o poder da lectura na infancia como ferramenta para educar en valores, comprender as emocións e cultivar a empatía. A través das historias, os nenos e nenas aprenden importantes leccións para a vida, abrindo a mente e o corazón ao mundo que os rodea.

Con este obxectivo naceu a colaboración entre Acougo e Os Bolechas, coa publicación do conto Balbino e as familias acolledoras. Unha historia que achega o acollemento familiar aos máis pequenos dunha forma sinxela e emotiva, permitindo que coñezan a realidade de nenos e nenas que, como Balbino, atopan en novas familias un fogar cheo de agarimo.

No Día do Libro, convidamos a seguir facendo da lectura un espazo de aprendizaxe e acompañamento. Porque cada conto pode abrir unha porta... e mudar unha vida.



O noso traballo




GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE IGUALDAD



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE



CORRESPONSABLES

RESPIRO XUVENIL

Albergue Xuvenil "Gandarío"

Esta fin de semana tivo lugar un novo Respiro Xuvenil en Gandarío, unha proposta pensada para que adolescentes de familias acolledoras poidan gozar dun espazo propio onde compartir, desconectar e seguir medrando en compañía. Durante estes días, acompañados polo equipo técnico e voluntariado de ACOUGO, desfrutamos dun ambiente de confianza, cheo de actividades que combinan lecer, aprendizaxe e convivencia.

Nesta ocasión tivemos a sorte de coincidir coa celebración do Día do Deporte, organizado polo Concello o sábado 26 de abril. Participamos activamente nesta xornada, compartindo xogos e actividades deportivas con outros mozos e mozas da contorna. Foi unha experiencia moi enriquecedora que nos permitiu fortalecer vínculos, poñer en valor o traballo en equipo e, sobre todo, pasar un tempo divertido e diferente.

Estas fin de semanas non só ofrecen un respiro ás familias, senón que tamén se converten en espazos únicos para o crecemento persoal e social da mocidade. Grazas a todas as persoas que o fixeron posible!

INFANCIA PROTEXIDA, FUTURO EN FAMILIA

O pasado 30 de abril, no IFEVI de Vigo, Acougo organizou a xornada formativa "Infancia Protexida, Futuro en Familia", un encontro centrado no reforzo do acollemento familiar en Galicia que reuniu a profesionais, familias e institucións nunha mañá de aprendizaxe e diálogo. A sesión contou entre outras coa presenza da especialista en trauma e apego, Dra. Anabel González, quen profundou nos efectos emocionais que sofren os menores en situación de protección. Tamén se presentaron estudos da Universidade de Santiago sobre a percepción social do acollemento, así como programas pioneiros como "Un Curso en Familia" e "Familias Referentes", que ofrecen opcións reais e estruturadas para o acollemento.

A participación de Jacobo Rey, director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, foi fundamental, destacando o compromiso da Xunta de Galicia para promover o acollemento familiar. Anunciou ademais o aumento das axudas ás familias acolledoras desde o 1 de maio, que pasarán a ser de 425 euros mensuais para nenos, nenas e adolescentes entre 3 e 18 anos.

O evento tivo unha ampla repercusión nos medios autonómicos. A Xunta destacou a súa aposta por fortalecer o acollemento e o incremento das contías, GaliciaPress resaltou a alta porcentaxe de menores acollidos en familias, e Cadena SER Vigo subliñou que estas medidas supoñen un paso decisivo para consolidar o acollemento familiar no territorio. Mesmo La Voz de Galicia contextualizou o evento, detallando as iniciativas presentadas.

A xornada foi un éxito organizativo e un espazo esencial para reforzar a colaboración entre administracións, terceiro sector e familias, favorecendo un modelo de protección infantil máis humano e eficaz. A ampla cobertura mediática contribuíu a visibilizar a realidade do acollemento familiar en Galicia e o compromiso colectivo por mellorar a vida das crianzas e apoiar ás familias que as acollen.

Desde Acougo consideramos que encontros como este son clave para seguir avanzando cara a unha sociedade máis acollidora e comprometida coa infancia.

programa do evento

09:30 - 10:00 | Recepción e acreditacións.

10:00 - 10:30 | Apertura institucional.

10:30 - 11:30 | Relatoria da Dra. Anabel González (Psiquiatra experta en trauma e apego)

11:30 - 12:00 | Pausa - Café

12:00 - 13:30 | Presentación do estudo de investigación sobre o programa "Un Curso en Familia" - Grupo UNDERISK.

13:30 - 14:00 | Presentación do programa "Familias Referentes".

14:00 | Peche do evento.

ponentes

- Dra. Anabel González - Psiquiatra especializada en trauma e apego.
- Lorena Maneiro Boo e Olalla Cutrín Mosteiro - Investigadoras da USC, do grupo de investigación UNDERISK.
- Representantes das Administracións Públicas (Concello de Vigo, Deputación de Pontevedra, Xunta de Galicia).
- Representante de ASEAF.
- Representante de ACOUGO.

participantes

- Administracións Públicas (Concello de Vigo, Deputación de Pontevedra, Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Administracións de Xusticia, etc)
- Expertos en protección á infancia e acollemento familiar.
- Profesionais de Servicios Sociales e centros de protección.
- Entidades e asociacións vinculadas á infancia.
- Público en xeral.




a familia é ese porto seguro onde un neno aprende a confiar,
amar e soñar.

marian wright edelman

INFANCIA PROTEXIDA, FUTURO EN FAMILIA

DA INSTITUCIÓN Á VIDA EN FAMILIA





1

Moitas grazas pola túa
colaboración e apoio á
entidade.

contáctanos

Rúa Manuel María, 6
CP: 15705
Santiago de Compostela
+34 622 672 188
@acougo.gal
info@acougo.gal
www.acougo.gal